EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a **licenza de segregación de fincas (Nº 2/23)** incoada a instancia de **D. José Antonio Fernández Pérez na Avda de Ferrol, nº 42, Ribeira**, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de parcelas de 3 de agosto de 2022 redactado por D. Domingo J. Vidal Álvarez, (enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico col. nº 1.470) de acordo coa seguinte descrición:

- Solicítase a segregación dunha leira na Av. de Ferrol, nº 42, dentro do Chan Urbano Residencial extensiva colectiva en ringleira. (Ordenanza 6.2).*
- Hai unha parcelas inicialmente, de 1.132,- m².*



Preténdese da parcela inicial segregar **832,- m² Leira 2** (dos que 606,- m² son da Ordenanza 6.2 e 226,- m² son da Ordenanza 6.3 A) e quedando a **leira matriz ou Leira 1 con 300,- m²** que soporta unha edificación.

-De acordo como se describe na solicitude e documentación achegada por estar en Chan de Urbano Ordenanza 6.2 e sendo a parcela mínima de 200,- m² e a fronte mínima de 10,- m. Parámetros que se cumpren ademais de cumprir o parámetros urbanísticos a Leira 1 por ser soporte dunha edificación.

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

TERCEIRO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

16.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: DIANA MARÍA SEOANE LIJÓ. LUGAR: GÁNDARA, OLEIROS (RIBEIRA)

VISTA a solicitude de **licenza de segregación de fincas** incoada a instancia de **Dña Diana María Seoane Lijó, no lugar de Gándara, Oleiros.**

ACREDITADO que consta **acta de cesión** asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira o día **16 de febreiro de 2023**

ACREDITADO que consta **contrato de cesión** asinado por **Dña.Diana María Seoane Lijó,** (DNI33.084.902-T) o día 28 de febreiro de 2023, que comprende unha **superficie total de cesión de 322,61 m²,** resultando na franxa sita na Parcela 1 (resto da finca matriz) unha superficie de cesión de 208,91 m² e na Parcela 2 unha superficie de cesión de 113,70 m².



VISTO o **informe técnico** emitido polo **arquitecto técnico** Manuel Sabín Sabín en tarefas de asesoramento á corporación tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **28 de febreiro de 2023**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **técnico de administración xeral adscrito** ao Departamento de Urbanismo D José Martínez de Llano Orosa con data **3 de marzo de 2023**.

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **6 de marzo de 2023**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a Dna. Diana María Seoane Lijó **LICENZA DE SEGREGACIÓN (Nº 3/23) DE PARCELA** denominada “Campo da Gándara” con refª catastral nº 15074A030000020000KA sita no lugar de Gándara, Oleiros, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de parcelas de agosto de 2022 redactado por D. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128), resultando finalmente dous (2) fincas de modo que:

-PARCELA MATRIZ, Parcela inicial denominada “Campo da Gándara” con refª catastral nº 15074A030000020000KA de medición real e comprobada de 1.697,00 m².

-PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

-PARCELA 1 (RESTO DE FINCA MATRIZ): Parcela sita no lugar de Gándara, Oleiros, Ribeira, cunha superficie bruta de 897,00 m², superficie neta de 688,09 m², superficie de cesión de 208,91 m² que linda: Norte vial público 9012; Sur parcela 2 resultante da segregación; Leste: parcela 2 resultante da segregación; Oeste: estrada comarcal AC-550.

-PARCELA 2: Parcela sita no lugar de Gándara, Oleiros, Ribeira, cunha superficie bruta de 800,00 m², superficie neta de 686,30 m², superficie de cesión de 113,70 m² que linda: Norte parcela 1 resultante da segregación e vial público 9012; Sur Sra. Rosa Lijó Castro, parcela 202; Leste: parcela catastral 208; Oeste: estrada comarcal AC-550.

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Consta contrato de cesión asinado pola Sra. Diana María Seoane Lijó, (DNI33.084.902-T), que comprende unha superficie total de cesión de 322,61 m², resultando na franxa sita na Parcela 1 (resto da finca matriz) unha superficie de cesión de 208,91 m² e na Parcela 2 unha superficie de cesión de 113,70 m².

SEGUNDO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).



TERCEIRO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

17.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN) – Alfonso Fernández Romero

Visto o escrito presentado por **Alfonso Fernández Romero**, de data 06/03/2023 (Rexistro de entrada nº 5.678), no que solicita a ampliación e un metro do vao permanente do garaxe do inmovible situado en Rúa Xohana Torres, nº 8 (Ribeira), así como a ampliación da correspondente liña amarela.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/03/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Conceder a Alfonso Fernández Romero**, autorización para a **ampliación en un metro (1 m.)** do vao permanente do garaxe do inmovible situado en Rúa Xohana Torres, nº 8 (Ribeira), así como a **ampliación da liña amarela (1 m.)**, según o sinalado no citado informe policial.
 - Polo tanto, deberá substituír a antiga praca de vao permanente por unha nova onde figure actualizado o total de 4 m. de reserva, sen prexuízo da variación das correspondentes taxas municipais pola referida ampliación.
 - Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da nova praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



18.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE “CONCERTOS NA FIN DO MUNDO” – Jarabe Comunicación, S.L.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 08/03/2023, relativa á realización do ciclo de concertos enmarcados no Xacobeo e denominados “*Concertos na Fin do Mundo*” promovidos pola Axencia Galega de Turismo, pola entidade Jarabe Comunicación, S.L., tratándose da celebración de varias actuacións musicais, con proxección de video, degustación de bebidas e algún produto gastronómico tendo lugar no entorno do Faro de Corrubedo os días 28 e 29 de xullo de 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a Jarabe Comunicación, S.L. á realización de “*Concertos na Fin do Mundo*” promovidos pola Axencia Galega de Turismo os días 28 e 29 de xullo de 2023 no Faro de Corrubedo.
- Autorizar** a colaboración para este evento da Policía Local e Protección Civil, dando traslado deste acordo para o seu coñecemento.

19.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN ESPELLO DE TRÁFICO EN LUGAR DE CARBALLAL, Nº 7 (PALMEIRA) – Isabel Casais Muñiz

Visto o escrito presentado por **Isabel Casais Muñiz**, de data 28/02/2023 (Rexistro de entrada nº 5.060), no que solicita a instalación dun espello de tráfico no lugar de Carballal, nº7 (Palmeira) para ter maior visibilidade ao incorporarse á vía pública.

Visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 09/03/2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a instalación dun espello de tráfico no lugar de Carballal, nº7 (Palmeira).
- b) O importe de adquisición e mantemento do citado espello deberá ser finaciado por conta do solicitante, ao tratarse dunha saída de garaxe dun único usuario.
- c) A instalación do espello será a cargo do Concello de Ribeira

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica E. Nogueira Carrera

VISTO o escrito presentado por **Verónica E. Nogueira Carrera**, en representación do establecemento “Café Bar O da Rubia”, de data 13/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.331), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 25 de marzo de 2023, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Verónica E. Nogueira Carrera**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 25 de marzo de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de



Ribeira", aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

"(...)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión "Vermú": entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

"(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Café Bar O da Rubia" (Ribeira) (**Verónica E. Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades,



o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –
María Esther Reiriz Pérez**

VISTO o escrito presentado por **María Esther Reiriz Pérez**, en representación do establecemento “Esmorga”, de data 13/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.401), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Esmorga” (Ribeira), o día 18 de marzo de 2023, en horario de 13:00 h. a 16:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **María Esther Reiriz Pérez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Esmorga” (Ribeira), o día 18 de marzo de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de “Esmorga” (Ribeira) (**María Esther Reiriz Pérez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o



cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e*



mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN FESTAS DA GUÍA EN CARREIRA (CORRECCIÓN) – María Astrid Dios Folgar

Visto o escrito presentado por **María Astrid Dios Folgar**, de data 07/02/2023 (Rexistro de entrada nº 3.280), no que solicita autorización para a celebración das Festas da Guía en Carreira os días 20, 21 e 22 de maio de 2023, así como a colaboración municipal con valados portátiles, sinais de prohibido aparcar, contedores RSU no Campo das Festas e servizo de limpeza para os tres días.

Visto que a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 09/02/2023 concedeu autorización para tal evento.

Visto o escrito presentado por **María Astrid Dios Folgar**, de data 14/03/2023 (Rexistro de entrada nº 6.445), no que solicita a corrección de erro na solicitude anterior de autorización para a celebración das Festas da Guía en Carreira, debendo ser os días de tal celebración o 27, 28 e 29 de maio de 2023,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda que se proceda á corrección do citado erro** resultando o novo acordo tal como segue:

- Autorizar a celebración das **Festas da Guía** en Carreira os días **27, 28 e 29 de maio de 2023**.
- Prestar a colaboración municipal con valados portátiles, sinais de prohibido aparcar, contedores RSU no Campo das Festas e servizo de limpeza para os tres días.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e Departamento de Cultura.

23.- AUTORIZACIÓN ACCESO DE VEHÍCULOS AO CENTRO AGADEA

Visto o informe emitido pola Policía Local, de data 14/03/2023, relativo á habilitación de acceso a vehículos ao centro AGADEA dende a zona da Avenida do Malecón (Ribeira) e no que sinala:

“Respecto á petición do interesado arriba citado, xunto con outros, para que se traslade cara unha beira a caseta da ONCE ubicada na rúa de Galicia fronte ao número 55 para facer máis doado o paso das furgonetas que levan aos usuarios do centro AGADEA ata a mesma porta, sobre todo os días de chuva, informo o seguinte:

A actual ubicación da caseta da ONCE, se ben non impide o paso dos vehículos do propio centro AGADEA, si resulta difícil porque é estreito e hai que facer un xiro moi pechado; peor aínda cando chove porque empeora a visibilidade.



No canto de eso, como a solución mais axeitada suxestióno permitir o acceso das propias furgonetas do centro por e dende as prazas de aparcamento reservado, posto que xa existe alí unhas rampiñas feitas para subir a zona. Ademais de ser moito mais fácil, o percorrido sería tamén moito mais curto. Non obstante, compre podar aquela rama de unha das dúas árbores coa que hai risco de que colisionen as furgonetas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a habilitación de acceso a vehículos ao centro AGADEA dende a zona da Avenida do Malecón (Ribeira), segundo as indicacións sinaladas no citado informe policial

24.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- J.M.B.P.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 11/03/2023, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **J.M.B.P.**, mediante escrito de data 29/09/2022 (Rexistro de entrada nº 18.674).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 09/03/2023, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a **J.M.B.P.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **750,00 €**, en concepto de alugueiro (3 meses) da súa vivenda.

25.- AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN (CORRECCIÓN DE ERROS) -CURSO 2022/2023

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/03/2023, relativa á aprobación do abono da axuda concedida para material escolar a unha solicitante (P.O.R) que por erro de transcripción non aparecía na lista definitiva de beneficiarias das Axudas á Escolarización 2022/2023.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á corrección do citado erro e aprobar abono da axuda concedida para material escolar á beneficiaria (P.O.R), dando traslado aos servizos económicos municipais para proceder ao seu abono, segundo o contido da citada proposta.

26.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA “I FESTA DA XUVENTUDE” (OLEIROS)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 14/03/2023, relativa á autorización da celebración da “I Festa da Xuventude” na parroquia de Oleiros, o día 7 de abril de 2023, na explanada do Centro Social-Cultural de Oleiros; así como a colaboración municipal para a súa celebración (Uso do Centro Social-



Cultural, servizo de limpeza, depósitos de residuos, apoio da Policía Local e GAEM, vallas e sinais direccionais)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** da "I Festa da Xuventude" na parroquia de Oleiros, o día 7 de abril de 2023, na explanada do Centro Social-Cultural de Oleiros.
- Que pon a disposición as instalacións do Centro Social-Cultural Municipal de Oleiros na data 07/04/2023 para facilitarlle o depósito de enseres e outros elementos indispensables na execución deste programa, levando implícita a cláusula de precariedade, e comprometéndose o solicitante a deixar o local nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que pudieran orixinarse.
- Que en ningún caso poderá destinarse este uso a fins distintos do autorizado.
- Que de conformidade coa normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia procede requirir ao interesado **Declaración de Responsabilidade**.
(A estos efectos achégase modelo de declaración que será presentada, cuberta e asinada, polo organizador antes da data de celebración da actividade.)
- Dar traslado as áreas competentes para atender a solicitude de limpeza e apoio do corpo de Policía Local e GAEM respectivamente.

27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA ROMPER BEIRRARRÚA PARA ARREGLAR AVERÍA EN TUBERÍA DE AUGA - Com.Prop. Edif. Caramcheiro P1

Visto o escrito presentado por Guadalupe Somoza Varela en representación da **Comunidade de Propietarios Edificio Caramcheiro P1**, de data 15/03/2023 (Nº solicitude: SOLIC0001548), no que solicita autorización para romper a beirrarrúa na Rúa Noro (Ribeira) para acceder a unha tubería de auga, xa que, debido a unha rotura da mesma o garaxe está inundado e, asímesmo, esta avaría afecta ao edificio colindante e a un local hostaleiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, extraordinariamente e debido á urxencia da situación **acorda autorizar** o acceso á tubería danada a través da beirrarrúa situada na Rúa Noro (Ribeira), condicionado a que cando rematen as obras de reparación deberán realizar as accións pertinentes para deixar a beirrarrúa afectada en perfecto estado.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:10 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

